

Sr. don ERNESTO GUERRA DA CAL
The City University of New York
Graduate División
65-30 Kissena Boulevard
Flushing
NEW YORK, 11367

10 setembro 1969

Querido Guerra da Cal:

Produxome fonda ledicia a súa carta do 4 de agosto, que moito agradezo. Non podía supor que fora practicamente tan difícil atopar en New York os libros editados por Losada. Enviolle un exemplar dos poucos que aínda gardan algunhas librerías de Vigo. A teima d-unha mellor distribución das obras non rematará endexamais, a xusgar pol-o que un vai vendo.

Deixando a un lado o cativo merecemento do meu traballo sobre a lingua, visto na súa carta con ollada xenerosa demáis, non ten dúbida de que está no camiño certo en canto as posibilidades de fortalecemento e de expansión. O que non ten xeito é que sexamos poucos, entre a nosa xente de letras, con algunha contribución positiva a lle dar ao problema a súa verdadeira solución. Qué sorte de cegueira pode aínda hoxe, co-a mellor intención, seguir pechando as portas do idioma, abertas cara a súa mais grandiosa froración human e literaria?

Cecais estamos diante do nõ mais tolledor da cultura galägga aínda que mdtos non teñan reparado n-el. Pouco poden os esforzos isolados prá lle dar outro alento a unha causa que demanda axuda de todos, mais eu teño por miña a obriga da santa teimosia. Agora recuncaréi no tratamento do problema n-unha parte que ten por título "La marginación de la Lengua", incorporada ao libro "La Marginación de Galicia" que teño xa nas maos d-unha editora de Barcelona.

Acabo de recibir a mala nova de que o 12 de mes de Sant Yago deixou este mundo en Sao Paulo, Guillerme de Almeida. Hai dez anos fora nomeado Príncipe dos Poetas do Brasil. El tiña unha vella amizade con il, dos tempos en que veu deste-rrado a Portugal por conspirar contra a ditadura do Getulio. Era un afervoado galeguista do esprito, que morre sen que a Galiza do esprito se decatara de canto perdemos. Viñera d-aquela a Galiza, con Fernanda de Castro e Antonio Ferro. Puxenos en contacto con Castelao e leveinos a Compostela. Guillerme endexamais esque-
ra aquel seu pelerinaxe as fontes.

Teño con nós en Pousa Nova do Mar, pasando unha pequena tempada de praia, a Eduardo Blanco Amor, que lle profesa vella e fonda devoción. Vai escribir unhas liñas ao pé d-esta carta. Compuxo o prologo de "La Anunciación de Valle-Inclán", que é o mellor do libro. Os dous desexamos que no ano vindeiro podamos ter o pracer de lle dar unha aperta en Vigo, dandolle ao retorno pol-a Terra algunha maor demora que n-outras ocasións. E tamen, que na bagaxe da xeira veñan xa rema-tados os dous tomos finais do Eça, que completarán una obra mestre da litera-tura galego -portuguesa.

Reciña una cordial aperta do seu sempre amigo incondicional